



CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA



Deputación DA CORUÑA



O programa ao detalle

As Xornadas inaugúranse o mércores 6, ás 19.30 horas no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) cunha **mesa redonda arredor da figura de Enrique X. Macías**. Nela participan Carlos Villanueva, profesor da USC e promotor tamén daquel primeiro certame, Manuel Bragado, editor e amigo persoal do autor, e Javier Macías, irmán do homenaxeado. A conversa será moderada por Mercedes Rosón, subdirectora da Área de Cultura da USC. Ao seu remate, a pianista compostelá **Isabel Pérez Dobarro** interpretará a peza *Sonata*, que Macías compuxo en 1989 por encomenda das III Xornadas de Música Contemporánea de Santiago e que daquela estreou o pianista Roberto Bollea. Na complexa *Sonata*, Macías consegue unha expresividade singular mediante a posta en tensión dos aspectos que definen a configuración do fluxo musical e condicionan a interpretación, derivándose parte da expresividade da dificultade técnica inherente á súa realización. Con gran minuciosidade, chea de matices latentes baixo a aparencia de máximo control, o compositor logra infundir á súa escritura unha forza expresiva inusitada.

O venres, día 8, ás 20.30 horas, a Igrexa da Universidade convértese en escenario dun concerto do **Yale Schola Cantorum** dirixido polo británico David Hill. Este coro de cámara, fundado en 2003 por Simon Carrington, especialízase na interpretación de música sacra do século XVI á actualidade. Aмосa un interese especial pola práctica de interpretacións historicistas, que a miúdo realizan xunto a instrumentistas da Facultade de Música de Yale e de Juilliard. Nesta ocasión interpretan *Path of Miracles* (2005) de Joy Talbot (1971), a primeira gran obra encargada polo galardoador conxunto vocal, descrita no seu momento polos críticos de *The Times* como “unha odisea evocadora”. Na peza, Talbot recolle as impresións que experimentou ao coñecer algúns lugares do Camiño de Santiago, nomeadamente, a abadía de Roncesvalles e as catedrais de Burgos, León e Compostela, e mestúraos co poemario *Proofs*, de Robert Dickinson e con outros textos medievais para tecer un traballo coral que deita unha fonda sensación de atemporalidade.

A Igrexa da Universidade é tamén o lugar elexido para o concerto **Saxofón galego**, do mércores 13 de xuño. A partir das 20.30 horas, **Rafael Yebra** interpretará ao saxofón obras de Luis Carro (1957), Juan Eiras (1977), Pablo Beltrán (1970), Jacobo Gaspar (1975) e Jesús González (1965). A peza *Señales-trumpet*, deste último, estréase no concerto en versión para saxofón soprano.

Ao Auditorio de Galicia chega o xoves, día 14, o programa **O pulso da fala**, un concerto no que o timbal da Real Filharmonía de Galicia e membro do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC), José Vicente Faus, e o compositor e pianista compostelán Fernando Buide del Real, acompañan a Pablo del Valle Prieto, Marta Rodríguez Figueirido e Sergio Suárez Lorenzo, alumnos da Escola de Altos Estudos Musicais nun programa que inclúe obras do propio Buide (1980), de Martin Bresnick (1946), John Bergamo (1940-2013), Steve Reich (1936) e John Cage (1912-1992).

É precisamente este compositor e instrumentista estadounidense quen nuclea a segunda das conferencias do ciclo, programada o mércores, día 20 de xuño ás 19.30 horas no CGAC. O pianista e membro fundador do TAC, **Nicasio Gradaille**, conduce a sesión *A visión para piano de John Cage* (1912-1992), no que afonda na pegada deste autor que revolucionou a música contemporánea cunha linguaxe e ritmos imposibles. Amplo coñecedor da obra de Cage, Gradaille doutorouse na Uvigo cunha tese sobre o seu *Concert for Piano*, gravou para a Radio Galega as súas *Sonatas and Interludes*, e impartiu numerosos seminarios sobre as súas composicións para piano en diversos conservatorios europeos como os de Gante, Leeds, Viena, Aveiro ou Londres (Royal College of Music).

Canda esta conferencia, a axenda dese mércores inclúe unha das grandes apostas desta edición, só posible trala mudanza das Xornadas á tempada de verán. A praza de Cervantes acollerá na noite o concerto ao vivo no



CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA



Deputación DA CORUÑA



que o pianista **Javier Otero Neira** interpretará ao aire libre pezas de Octavio Vázquez (1972), María Mendoza (1975), Claude Debussy (1862-1918), Arvo Pärt (1935), Einojuhani Rautavaara (1928-2016) e Alberto Ginastera (1916-1983). Baixo o título *Silent Wifi music experience* ofrécese un concerto suxestivo e intimista ao tempo que vangardista. Equipado con auriculares Wifi, o público poderá percorrer libremente un radio de 500 arredor da praza, mentres escoita a música en vivo do piano Yamaha percutido por Otero Neira.

O xoves 21 é quenda para outra das homenaxes incluídas nas XMC de 2018. Ás 20.30 horas, a **Banda Municipal de Música de Santiago e a da Coruña** reúnen no escenario da Sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia para ofrecer un concerto conmemorativo do 170 aniversario da compostelá e o 70 aniversario da formación herculina. Juan José Ocón e Casiano Moruriño dirixen este recital no que ambas bandas interpretarán pezas de Ferrén Ferrán (1966), James Barnes (1949) e Simón Couceiro (1949). Entre elas, inclúese a estrea absoluta do pasodobre *Aniversarios*, que Couceiro compón en 2018 a modo de homenaxe, e animado por compañeiros e amigos de ambas as agrupacións.

Outra das formacións habituais das Xornadas de Música Contemporánea de Santiago, o grupo **Vox Stellae**, volve un ano máis á Igrexa da Universidade. Faino cun programa estelar que, baixo o título, *Espiritualidade con voz de muller*, presenta por primeira vez en España as obras de nove compositoras de diferentes procedencias que loitaron e loitan contra as barreiras que dificultan a presenza igualitaria das mulleres na contorna musical. O venres 22 de xuño ás 20.30 horas, e baixo a batuta do vigués Luis Martínez, o grupo interpretará pezas de Hildegard Von Bingen (1098-1179), Cheryl Lynn Helm (1957), Sylvia E. Hazlerig (1934), Natalie Goossens (1976), Mary Simoni (1954), Carlotta Ferrari (1975), Iva Juras (1968), Sylvia E. Hazlerig (1934) e Tui St. George Tucker (1934-2004).

A terceira das conferencias desta edición vira tamén sobre a figura de Enrique X. Macías e aproxímase á contorna lusófona. O luns 25, ás 19.00 horas, o CGAC acolle a sesión ***Macías e Portugal: unha ollada próxima***, que congrega a Manolo Romón, actor, presentador e escritor, Pedro Amaral, compositor e director de orquestra, e Javier Macías, irmán do homenaxeado, moderados polo crítico de *Mundoclásico*, Paco Yáñez.

A seguir, o lisboeta **Pedro Amaral** dirixe a formación galega **Vertixe Sonora** no programa *Itinerario de luz*, composto polas obras *Adhuc* (1992/93), peza para clarinete, trompa, vibráfono, sintetizador, violín, e violonchelo, que constitúe unha recreación dos sons sintetizados polo Instituto Galego de Sonoloxía (IGAS) en colaboración con Phonos; *Cadencias e Interludios / Percurso I* (1992) para piano só e electrónica en tempo real, e *Itinerario de Luz* (1994/95), para frauta, clarinete, trompa, violín, viola, violonchelo, e electrónica en tempo real, e realizada co apoio do Centro de Investigación & Información da Música Portuguesa - MIC.PT

Xa o martes 26, o alemán **Duo Finisterrae**, que reúne a arpa de Bleuenn Le Fric e a frauta de André Cebrián, e leva á Sala Mozart do Auditorio de Galicia un concerto especial co que celebran 10 anos de traxectoria, e presentan un programa estreitamente ligado aos seus encontros persoais e profesionais así como ás súas experiencias musicais durante esta década de traballo conxunto. A partir das 20.30 horas interpretan obras de Manuel López Jorge (1983), Toru Takemitsu (1930-1996) Antón García- Abril (1933), Pablo Labián (1991), Vincent Persichetti (1915-1987) e Fernando Buide (1980).

Ao día seguinte no Paraninfo da Universidade, Buide volve estar presente nunha sesión de conversa co dramaturgo Fernando Epelde. A partir das 20.30 horas dese mércores 27 de xuño, o pianista e compositor compostelán e o escritor ourensán dialogan sobre a apertura de novas sonoridades na lírica e dos intersticios do proceso creador a través da sesión ***Buscando a Clío: aproximando linguaxes para unha ópera contemporánea***.

O xoves 28, ás 20.00 horas, a penúltima das sesións das Xornadas propicia o encontro entre a **Banda Municipal de Música de Santiago e o colectivo Pista Catro** no Parque de San Domingos de Bonaval. No



CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA



concerto *Orquestra de Malabares*, a formación dirixida por Casiano Mouriño únese á pericia dos malabaristas coordinados por Pablo Reboleiro para dar nun espectáculo que fusiona música e circo, onde clarinetes, saxos e trompetas viran en pintores dun cadro expresionista no que as bolas, mazas e aros debuxan sentimentos e emocións que ceiban ao ar.

No broche final das Xornadas de Música Contemporánea, o teatro de **Produccións Excéntricas** únese á música do TAC para levar á escena *A cabeza do Dragón*, de Ramón María del Valle Inclán. A Sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia acolle o venres 29 ás 20.30 h este espectáculo dirixido por Quico Cadaval, cun elenco composto por María Costas, Iván Marcos, Yelena Molina, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, Josito Porto, Patricia Vázquez e o propio Cadaval. Baltasar Patiño ocúpase do espazo escénico e a iluminación, mentres que a indumentaria e o deseño gráfico son froito da imaxinación e as mans de Suso Montero. A música é unha partitura composta ex-profeso para este espectáculo por Javier María López que, nesta ocasión, dirixirá o Taller Atlántico Contemporáneo (TAC) formado por prestixiosos músicos, moitos deles profesores da Real Filharmonía de Galicia.